

NOME:

CURSO:

1 - Coñecías a algunha destas mulleres? Cal delas loita polos dereitos das persoas inmigrantes? De onde é?

2- Sorpréndenche os currículos excelentes destas mulleres e o seu éxito profesional?

- Sabías que o 80% da poboación trans no ámbito laboral está no paro? Tendo en conta este dato, reflexiona novamente sobre os currículos e as posibles dificultades que puideron atopar nos seus traballos por ser mulleres trans.

3 - Escribe tres **propostas para loitar contra a transfobia** e os transfeminicidios en cada un destes ámbitos: o familiar, o educativo e o social. Poñédeas en común na aula e recollédeas nun panel ou mural que logo podes colocar nalgún dos pasillos do centro.

4 - Elixide algúns destes temas para **debatir e investigar** na clase:

Cada tema vai acompañado cunha breve introducción para darvos ideas de por onde empezar, pero podedes ir máis alá!

A - Cisheteronorma, roles e estereotipos de xénero

Actualmente a nosa sociedade ríxese na maioría dos ámbitos por un modelo cisheteronormativo. Sabedes o que é? Este modelo invisibiliza ás persoas e mulleres trans. Creedes que inflúe no seu rendemento académico e nos logros que poidan acadar? Como pode influir en vós e na vosa forma de pensar este sistema?

B - Rexeitamento e inclusión

Existe maior rexiteitamento familiar e social cara as rapazas/mulleres trans que cara aos rapaces/homes trans? Por que o creedes? Cal é a idade media de esperanza de vida dunha muller trans en Latinoamérica? A que se debe? Creedes que é importante a discriminación positiva para certos colectivos? (mulleres, mulleres trans, con diversidade funcional, migrantes...)

C - Educación diversa

Poñede exemplos de contidos que se ensinen na escola só dende un punto de vista cisheteronormativo. Como poderíamos melloralo? Que maneiras se vos ocorren para educar tendo en conta a diversidade afectivo-sexual? Como creedes que pode afectar a unha rapaza trans da vosa idade, a unha compañeira vosa, medrar sen ningún tipo de referente positivo?.